

SUBSECTOR PERSOAL LABORAL DA AXE TROCO DE RÉXIME XURÍDICO

21/12/2022

Hoxe publicaron no BOE a convocatoria para o proceso de Troco de Réxime Xurídico do persoal laboral do grupo 4G do Anexo II do IV Convenio Único ([Disposición 25914 del BOE núm. 304 de 2023](#)), as bases recollen o acordado entre Función Pública e as Organizacións Sindicais, e cabe subliñar as seguintes características:

- **A participación é voluntaria.** As persoas que non queiran cambiar a persoal funcionario permaneceran no seu posto hasta a xubilación ou outro tipo de mobilidade.
- **Existe unha cláusula de garantía salarial.** Está contemplada a creación de complementos para que o troco de réxime en ningún caso supoña unha diminución das retribucións.
- **A permanencia no posto.** O cambio só supón un cambio de persoal laboral a funcionario, non varía nin a localidade.
- **Está dirixido exclusivamente ó persoal do Anexo II.** Non pode participar máis que o persoal encadrado nese anexo e nese grupo profesional, coa excepción do persoal de grupos superiores que non posúa a titulación requirida para acceder a unha categoría superior de funcionario/a.
- **O proceso é un Concurso Oposición.** Consiste nun exame tipo test de 40 preguntas no que non descontan as respostas erróneas sobre os catro temas acordados no Grupo de Traballo e un concurso no que se valorará a antigüidade e o tempo de traballo desenvolvido no posto. O proceso o realizará o INAP e habilitaran unha plataforma formativa para todo o persoal que decida participar.
- **As probas serán descentralizadas.** Haberá exames na Coruña, Barcelona, Sevilla e Madrid.
- **O acceso neste caso será a C2 da Escala de Auxiliar de Organismos Autónomos.**

Aínda quedan algunhas cuestións que non nos aclararon, principalmente as características dos postos reconvertidos, nivel e específico. Desde a CIG temos bastante claro que será a postos con niveles e específicos mínimos e que non terán en conta as peculiaridades propias dos organismos, polo que se pode dar, que en moitos sitios exista persoal coas mesmas tarefas e con retribucións diferentes.

Nesta reunión nos facilitaron o numero de efectivos actuais de persoal do Anexo II por categorías, especialidade e tramos de idade:

1. Existen 6.263 efectivos neste anexo.
2. 1.641 do grupo 4G, 3671 do 3G, 474 do 2G e 477do 1G.
3. 2.502 teñen máis de 61 anos, 3.054 entre 51 e 60 anos, 660 entre 41 e 50 anos, 47 entre 31 e 40 anos e ningunha persoa menor de 30 anos.

Con estes datos instamos a Función Pública a que acelere os procesos para os grupos restantes antes de que se xubile todo o persoal. O seguinte grupo será o 3G no que a especialidade de Administración trocará a C1 da Escala Administrativa de Organismos Autónomos e tutelará o proceso o INAP e as especialidades de Estatística, Informática e Axentes Medioambientais as xestionaran o INE, Función Pública e o Ministerio de Transición Ecolóxica respectivamente.

Desde a CIG solicitamos que as convocatorias se desliguen das Ofertas de Emprego, que é o que propuxo a administración, para precisamente axilizar o máximo posible os procedementos.

Seguiremos informando.